

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE VIVENDA

18978 *Real decreto 1639/2009, do 30 de outubro, polo que se modifican os estatutos xerais do Consello Xeral e dos Colexios Oficiais de Aparelladores e Arquitectos Técnicos, aprobados polo Real decreto 1471/1977, do 13 de maio.*

Os estatutos do Consello Xeral e dos Colexios Oficiais de Aparelladores e Arquitectos Técnicos foron aprobados polo Real decreto 1471/1977, do 13 de maio, e parcialmente modificados mediante o Real decreto 497/1983, do 16 de febreiro, e o Real decreto 542/2001, do 18 de maio.

No tempo transcorrido desde esa data culminouse o proceso de desenvolvemento normativo en materia de colexios e consellos profesionais no ámbito das comunidades autónomas, o que fai necesario adaptar os estatutos a esta realidade, institucionalizando a presenza dos representantes das organizacións colexiais autonómicas na estrutura de goberno do Consello Xeral.

Para dar cumprimento a esta exigencia, o Consello Xeral dos Colexios Oficiais de Aparelladores e Arquitectos Técnicos remitiu ao Ministerio de Vivenda, ao cal corresponde a relación coa devandita corporación, unha proposta de modificación de catro preceptos do título I dos referidos estatutos, que ordenan, conforme a capacidade de autorregulación establecida no marco legal de aplicación, a estrutura e os órganos de goberno e representación do Consello Xeral.

Dáse cumprimento ao previsto no artigo 6, puntos 2 e 5 da Lei 2/1974, do 13 de febreiro, de colexios profesionais.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Vivenda, de conformidade co ditame do Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros do día 30 de outubro de 2009,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación dos estatutos xerais do Consello Xeral e dos Colexios Oficiais de Aparelladores e Arquitectos Técnicos, aprobados polo Real decreto 1471/1977, do 13 de maio.*

Os estatutos xerais do Consello Xeral e dos Colexios Oficiais de Aparelladores e Arquitectos Técnicos, aprobados polo Real decreto 1471/1977, do 13 de maio, quedan modificados nos seguintes termos:

Un. O parágrafo primeiro do artigo 11 queda redactado como segue:

«O goberno do Consello Xeral corresponde, no ámbito das súas respectivas competencias, á Asemblea Xeral, á Xunta de Goberno e á Comisión Executiva.»

Dous. A letra j) do artigo 14 queda redactada como segue:

«Elixir, de entre os conselleiros presidentes de colexios, catro dos vogais da Comisión Executiva. Designar, para os fins previstos nesta e na anterior letra i), os compoñentes da Xunta Electoral.»

Tres. O artigo 16 queda redactado como segue:

«1. A Xunta de Goberno estará constituída polo presidente do Consello Xeral e unha vogalía por cada unha das comunidades autónomas.»

Os acordos tomaranse por maioría de votos; para este efecto cada vogal disporá dun número ponderado de votos que terá en conta tanto os colexios que existen na súa comunidade autónoma como o número de colexiados residentes o 1 de xaneiro de cada ano, conforme o baremo consignado no artigo 13.

Formarán, ademais, parte da Xunta de Goberno da corporación o vicepresidente, o secretario xeral, o tesoureiro-contador e os vogais da Comisión Executiva, todos eles con voz pero sen voto, salvo no caso dos vogais que reunisen tamén a condición de representantes dunha comunidade autónoma.

A Xunta de Goberno reunirse coa periodicidade establecida regulamentariamente e, como mínimo, cada dous meses.

2. A Comisión Executiva estará constituída polo presidente do Consello Xeral e seis vogais, dos cales un desempeñará a Vicepresidencia, outro a Secretaría Xeral e outro o cargo de tesoureiro-contador.

Todos os seus compoñentes terán voz e voto e corresponderalle, ademais, ao presidente voto de calidade para dirimir os empates. Os acordos adoptaranse por maioría simple de votos.

As súas funcións consistirán en desenvolver os labores que lle sexan delegados pola Asemblea Xeral e a Xunta de Goberno e en adoptar as disposicións e medidas precisas para o puntual cumprimento dos acordos adoptados polos ditos órganos así como elevar a estes, para os efectos de estudo e resolución, informes e propostas de actuación.»

Catro. O artigo 24, do cal se derroga o parágrafo segundo, queda redactado como segue:

«O presidente, vicepresidente, secretario xeral, tesoureiro-contador e vogais da Comisión Executiva desempeñarán os seus cargos por un mandato de catro anos.»

Cinco. O parágrafo cuarto do artigo 25 queda redactado como segue:

«Se nas eleccións primarias só houberse unha proposta que, ademais, obteña a maioría simple dos votos dispoñibles na Asemblea Xeral, o seu destinatario terá a condición de candidato único sempre que acepte a designación e presente á Asemblea o seu programa con indicación dos dous vogais da Comisión Executiva da súa designación. Este programa someterase á Asemblea na segunda volta electoral e, de recibir o referendo da metade máis un dos votos dispoñibles, quedará o candidato relevado de someterse á votación.»

Seis. O artigo 26 queda redactado como segue:

«Os vogais da Xunta de Goberno deberán posuír a condición de conselleiros. Accederá á vogalía o presidente do colexio radicado no territorio de cada comunidade autónoma, cando houber só un ou o que sexa designado polos seus homólogos no devandito territorio, cando haxa varios. Neste caso a designación farase conforme os criterios que os devanditos colexios establecesen para o efecto e por períodos de mandato non inferiores a un ano.»

Sete. O parágrafo primeiro do artigo 27 queda redactado como segue:

«A Asemblea Xeral, por proposta dun terzo dos conselleiros presidentes de colexio, poderá incluír na orde do día das súas reunións, ordinarias ou extraordinarias, a presentación dunha moción de censura contra o presidente ou membros da Comisión Executiva ou contra a Comisión Executiva no seu conxunto. A moción de censura requirirá un quórum de asistencia dos dous terzos dos conselleiros presidentes de colexio e requirirá para a súa aprobación a metade máis un dos votos dispoñibles na asemblea. A votación será persoal e secreta e cada conselleiro disporá dun voto, sen que se admitan delegacións de voto.»

Oito. O parágrafo terceiro do artigo 28 queda redactado como segue:

«O rexeitamento da moción de confianza levará consigo o cesamento do presidente e o dos dous vogais da Comisión Executiva da súa libre designación, e a Asemblea Xeral procederá a convocar as correspondentes eleccións e a adoptar as provisións que correspondan durante o período comprendido ata a súa celebración».

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid, o 30 de outubro de 2009.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Vivenda,
BEATRIZ CORREDOR SIERRA